

Memoria xustificativa e económica do convenio de colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de Ares para a execución das actuacións extraordinarias para garantir o saneamento no Concello de Ares (A Coruña)

1. Antecedentes

O saneamento do núcleo de Ares está formado por unha rede de sumidoiros por gravidade que verte nun colector común que discorre lonxitudinalmente paralelo á liña de costa e que leva a auga residual ata o bombeo de Ares, desde onde se impulsa sucesivas veces ata chegar á EDAR situada en Punta Avarenta.

O 22.2.2024 produciuse unha rotura non tramo inicial do colector que discorre paralelo á praia, denominado Ares 3, entre os pozos G-E-1 e G-E-2, afectando a unha lonxitude aproximada de 80 metros, o que deu lugar a unha vertedura directa de augas residuais ao mar e a entrada de auga de mar e area ao citado colector.

Nos días seguintes á rotura e co obxecto de minimizar o impacto ambiental da vertedura realizáronse unha serie de actuacións provisionais de contención da emerxencia dada a complexidade da reparación e á espera de realizar un estudo técnico sobre a solución para restablecer ou funcionamento habitual do colector.

O 13.3.2024 o Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, colexiado núm. 15.434, emitiu un Informe técnico xustificativo da necesidade inmediata da execución de actuacións extraordinarias para garantir o saneamento no Concello de Ares.

Visto o informe e co obxectivo de eliminar o vertido incontrolado de augas residuais sen tratar ao mar, o 14.3.2024 a entidade local declarou a emerxencia das actuacións extraordinarias para garantir o saneamento no Concello de Ares para os efectos do disposto no artigo 120 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, e ordenou a execución inmediata das actuacións de obra e subministro para asegurar o



funcionamento da rede de saneamento debido a situación de grave perigo para o medio ambiente e a saúde pública.

O Concello ten solicitado á Xunta de Galicia apoio e colaboración na execución das citadas actuacións extraordinarias co obxectivo de evitar o risco para a poboación nas zonas de baño e para o medio ambiente.

2. Obxectivos que se pretenden

O obxecto deste convenio é establecer as condicións básicas para a colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de Ares que permitan ao Concello asumir as obrigas económicas que se derivan da execución de actuacións extraordinarias para garantir o saneamento no Concello de Ares.

3. Necesidade da colaboración, razóns de oportunidade e xustificación da non concorrencia

Augas de Galicia, entidade creada pola Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia e regulada polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, polo que se aproba o seu estatuto, é unha entidade pública empresarial do sector público autonómico de Galicia, adscrita á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins, e constitúe o medio, xunto co resto de órganos que integran a Administración hidráulica de Galicia, a través do que a Comunidade Autónoma de Galicia exerce as súas competencias en materia de augas.

A citada Lei 9/2010, do 4 de novembro, atribúe no seu artigo 26 á Administración Hidráulica da Comunidade Autónoma as competencias para a regulación e o outorgamento de auxilios económicos ás corporacións locais nas materias da súa competencia.

O artigo 57 da Lei de bases do réxime local, citada, e o 194 da Lei da Administración local de Galicia, citada, determinan que a cooperación económica, técnica e administrativa entre



a Administración Local e as Administracións do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais como en asuntos de interese común, desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante os convenios administrativos que subscriban.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, de acordo co establecido no artigo 6 da antedita lei. Asemade, en consideración a razóns de interese xeral e dadas as circunstancias concorrentes, xustifícase plenamente a adxudicación directa da axuda prevista no convenio. Todo o que se fai constar para os efectos do previsto nos artigos 19.4 c) e 26.2 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, reguladora das subvencións de Galicia

4. Estimación de custos e financiamento

O custo total das actuacións contempladas neste convenio ascenden a un millón cento cincuenta mil euros (1.150.000,00 €). Augas de Galicia financiará o 80% do importe total final das actuacións ata un máximo de novecentos vinte mil euros (920.000,00 €), con cargo á conta 6566 "Subvencións de capital a corporacións locais" do Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia na anualidade 2024

Augas de Galicia financiará a súa achega con cargo á conta 6566 "Subvencións de capital. A corporacións locais" do Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia, coa seguinte distribución de anualidades:

Tipoloxía de gasto	2024
Gastos de persoal	
Subministros e servizos	
Outros: custo obra	920.000,00 €
Total (€)	920.000,00 €



5. Vinculación co Plan estratéxico de Galicia

As actuacións son coherentes co Plan estratéxico de Galicia 2022-2030, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia o 10 de marzo de 2022, ao que se vinculan da seguinte forma:

1. Eixo: E2: Galicia verde e sostible
2. Prioridade actuación: PA.2.4 Impulsar un modelo de crecemento sostible que aproveite as potencialidades do medio, dando prioridade á xestión eficiente do ciclo da auga, á economía circular e a protección do patrimonio natural.
3. Obxectivo estratéxico: OE.2.4.1 Contribuír técnica e economicamente para garantir aos cidadáns un acceso aos servizos básicos de saneamento e depuración, mellorando a xestión e a explotación dos sistemas, fomentando a comunicación e cooperación entre as administracións implicadas e impulsando a innovación e investigación nos procesos de tratamento e do ciclo urbano e natural da auga. Fomento da circularidade do ciclo urbano da auga.
4. Obxectivo operativo: OO02 Contribuír técnica e economicamente para garantir un acceso aos servizos básicos de saneamento e depuración dos cidadáns de Galicia, diminuindo os desequilibrios territoriais existentes e buscando unha maior eficacia e eficiencia na execución dos investimentos e na explotación de infraestruturas hidráulicas.
5. Indicadores: PO0153.Actuacións de abastecemento e saneamento e depuración
6. Unidades de medición: grao de execución estimado no exercicio corrente: 100%

Plan Estratéxico	Planificación de Fondos Europeos	Actividade	Indicador	Fito
OE.2.4.1 Contribuír técnica e economicamente para garantir aos cidadáns un acceso aos servizos básicos de saneamento e depuración, mellorando a xestión e a explotación dos sistemas, fomentando a comunicación e cooperación entre as administracións implicadas e impulsando a innovación e investigación nos procesos de tratamento e do ciclo urbano e natural da auga. Fomento da circularidade do ciclo urbano da auga.	FONDOS PROPIOS	Actuacións extraordinarias para garantir o saneamento no Concello de Ares (A Coruña)	PO0153. Actuacións de abastecemento e saneamento e depuración	



6. Territorialización do gasto:

Concello: Ares

7. Contribución ós ODS.

DENOMINACION ODS	OBXECTIVO ESPECIFICO	Denominación obxectivo específico
ODS 6. Garantir a dispoñibilidade e a xestión sustentable da auga e o saneamento para todos	6.4	De aquí a 2030, aumentar considerablemente o uso eficiente dos recursos hídricos en todos os sectores e asegurar a sustentabilidade da extracción e o abastecemento de auga doce para facer fronte á escaseza de auga e reducir considerablemente o número de persoas que sofren falta de auga

Para a tramitación deste convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

A directora de Augas de Galicia

Teresa María Gutiérrez López

